

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN VINCULADOS Á XESTIÓN PESQUEIRA PARA A PROMOCIÓN, MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN E DA TRAZABILIDADE DOS PRODUTOS PESQUEIROS, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DA PESCA E DA ACUICULTURA (FEMPA)

En Santiago de Compostela a 6 de abril de 2026

Dunha parte, Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, Damián Rey Rodríguez, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos; e o Decreto 117/2025, do 29 de decembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos.”

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, o desenvolvemento de sistemas de información redundará nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no relativo a unha produción máis sostible, a unha boa comercialización, unha mellora na trazabilidade dos produtos e un incremento da seguridade alimentaria.

SEGUNDO.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, e do posterior Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

TERCEIRO.- O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN (PPC) e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco da prioridade 2 anteriormente mencionada, abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan a de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

A través da Decisión de Execución da Comisión de 29/11/2022 aprobouse o programa “Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España” onde España, co FEMPA como principal instrumento de apoio establece, entre os seus obxectivos para o período 21-27, o de modernizar, dinamizar e actualizar toda a cadea comercial, desde a produción ao consumidor final, establecendo como meta a acadar o aumentar o valor

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

engadido da industria e cadea comercial, garantindo a súa permanencia a longo prazo e o entramado socioeconómico directo e indirecto asociado. Para acadar este obxectivo estratéxico establécese como prioritario, entre outros, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico para a valorización e transición dixital, a dixitalización, trazabilidade, sistemas de control e sanidade así como a seguridade alimentaria e desenvolvemento de sistemas de comunicación e intercambio de información para afrontar os riscos sanitarios.

Así o devandito programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 "promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura, así como da transformación de ditos produtos" mediante o "Fomento da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros", apoiar accións que axuden a promover e favorecer a comercialización dos produtos incrementado o seu valor engadido mediante sistemas de certificación, valorizando produtos e subprodutos, así como desenvolvendo ferramentas técnicas e tecnolóxicas que reforsen a rastrexabilidade e seguridade alimentaria.

Deste xeito o Programa apoia, entre outros, a realización de aplicacións e desenvolvementos tecnolóxicos e informáticos para o fomento da calidade, seguridade alimentaria e valor engadido para a contribución á transparencia da produción e os mercados, así como, a trazabilidade dos produtos, o uso de novas tecnoloxías na comercialización, o fomento e impulso de rexistro e comercialización dun produto determinado de conformidade co Regulamento 1151/2012 ou de produtos da acuicultura ecolóxica en virtude do Regulamento 2018/848, o fomento da certificación e comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura sostibles incluídos os produtos da pesca costeira artesanal e acuicultura de pequenos operadores e o fomento da presentación e envasado de produtos.

Polo tanto, o obxecto do acordo considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) Nº 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, a porcentaxe do investimento elixible será do 100%.

CUARTO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

QUINTO.- Con data 06 de xullo de 2023 asinouse o acordo de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para o financiamento de sistemas de información vinculados á xestión pesqueira para a promoción, mellora da comercialización e da trazabilidade dos produtos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

pesqueiros, co obxectivo de establecer as pautas para o desenvolvemento de sistemas de información vinculados á xestión pesqueira para a promoción, mellora da comercialización e da trazabilidade dos produtos pesqueiros, con vixencia ata o 30 de decembro de 2025. O acordo inicial foi estendido no relativo á súa extensión temporal na addenda asinada o 6 de agosto do 2025, que estendía o prazo de vixencia ata o 30 de setembro do 2026; mais cómpre - mantendo o obxecto definido no acordo inicial - seguir evolucionando e dando soporte mais alá da data de vixencia establecida, permitindo deste xeito garantir a cobertura das necesidades funcionais da Consellería do Mar, de acordo á planificación anual 2027_2028, que se ve reflectida nos compromisos deste novo acordo de colaboración.

Deste xeito este acordo permite instrumentar o soporte e mantemento evolutivo (melloras) dos distintos sistemas de información que dan apoio das actividades de xestión pesqueira, trazabilidade e comercialización, constituíndose en pezas chave tanto na xestión e tramitación das unidades da Consellería do Mar e cara ao sector; resultando esencial continuar a súa evolución incorporando novas funcións en consonancia coa evolución normativa e as propias necesidades do sector, así como as oportunidades que a actualización e evolución tecnolóxica esixen e permiten para o sector.

SEXTO- Desde a efectividade da integración na Amtega dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMPA continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola Amtega se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da Amtega para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo esta addenda ao acordo de colaboración para o soporte dos traballos, cofinanciados con FEMPA, que teñen como obxecto principal o desenvolvemento e mellora de sistemas de información vinculados a xestión pesqueira e a comercialización; traballos que deben ser dirixidos, e coordinados pola Amtega.

Segundo o modelo de sustentabilidade para dixitalización dos servizos públicos, a Consellería do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento e evolución de sistemas de información vinculados á xestión pesqueira para a promoción, mellora da comercialización e da trazabilidade dos produtos pesqueiros.

Segunda: Financiamento

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de 2.900.000 € (IVE incluído), para os anos 2026, 2027 e 2028.

Na seguinte táboa indícase a partida orzamentaria e código de proxecto, así como a distribución interanual prevista:

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA
2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

Aplicación orzamentaria/código de proxecto	Ano 2026	Ano 2027	Ano 2028	TOTAL ACORDO
16.02.723.B.640.1/2023 00198 S	100.000 €	1.450.000 €	1.350.000 €	2.900.000 €

Estas actuacións encádranse dentro da Prioridade e Obxectivo específico 2.2.3 Fomento da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos , envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas, do Programa para España do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura para 2021-2027.

Terceira: Actuacións a desenvolver

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse o desenvolvemento evolutivo e mantemento dos seguintes proxectos:

- ✓ **PROXECTO 1. Aplicacións de xestión de Autorizacións de Primeira Venda.** Neste ámbito inclúense os sistemas de información que dan soporte a distintos tipos de autorizacións de primeira venda de acuicultura, pesca fresca e pesca conxelada
- ✓ **PROXECTO 2. Aplicacións de xestión dos mecanismos previstos na Organización Común de Mercados (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura en Galicia,** así como o soporte das denominacións comerciais asociadas. Este sistema facilita a xestión do funcionamento e relación das Organizacións de Produtores Pesqueiros de Galicia (OPP-Galicia) coa Consellería do Mar, como organizacións esenciais para a correcta aplicación da OCM.
- ✓ **PROXECTO 3. Rexistro Integral e Sistema de Xestión de Acuicultura (REXEAC).** Este sistema da soporte ao Rexistro de Establecementos de Acuicultura así como a tramitación da xestión dos procedementos relacionados cos ditos establecementos: concesións, autorizacións, outorgamentos, prórrogas, traslados e habilitacións. Potenciaranse neste eido a introdución das

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

capacidades que permitan a visualización e xestión da información xeográfica vencellada á acuicultura.

- ✓ **PROXECTO 4. Plataforma Tecnolóxica da Pesca.** A Plataforma Tecnolóxica da Pesca ten como principal obxectivo o de facilitar ferramentas de xestión e de recollida de información do sector. Ofrece unha serie de servizos aos sectores produtivos e comercializadores, para servirilles, pola súa vez, de apoio para a xestión dos recursos pesqueiros e para a súa trazabilidade, en concordancia coas esixencias legais existentes. A Plataforma é accesible a través de <https://www.pescadegalicia.gal/>. No eido deste acordo terán cabida entre outros o portal e plataforma de xestión da información, as aplicacións de xestión denotas de venda, a aplicación de soporte á xestión da rastrexabilidade documental, os sistemas que faciliten a xestión dos documentos telemáticos e os servizos web que facilitan a interacción das distintas plataformas. (integración dos sistemas de información cos correspondentes rexistros administrativos sectoriais co obxectivo de manter relacionada a información e facilitar o análise da mesma dun xeito máis completo)
- ✓ **PROXECTO 5. Ferramentas Promocionais.** A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica impulsa e da soporte a distintas campañas promocionais de produtos de mar, apoiadas en portais web, aplicacións para dispositivos móbiles e redes sociais que lle dan acubillo. O obxecto deste proxecto é ofrecer o desenvolvemento evolutivo e soporte destes portais e ferramentas asociadas, aplicacións e redes que acompañan as campañas promocionais.
- ✓ **PROXECTO 6. Aplicacións ligadas á marca de calidade "pescadeRías, ¿de onde se non?".** Esta marca de calidade impulsa a protección e a promoción dos produtos mariños procedentes de pesca artesanal e sostible na costa galega, diferenciación un produto de alta calidade e recoñecido prestixio como o peixe e o marisco das augas de Galicia, garantindo ao consumidor as súas principais calidades e características. A xestión da marca define os produtos e especies que se poden certificar, os posibles usuarios e os requisitos que hai que cumprir

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

para acollerse á marca. Como apoio na difusión e trazabilidade da marca, empréganse sistemas de información que son obxecto deste proxecto

- ✓ **PROXECTO 7. Aplicación e portal asociado de xestión da solicitudes aos eventos feirais.** Este sistema permite ás empresas solicitar a participación nas feiras nas que está presente a Consellería do Mar e realizar un seguimento das solicitudes das empresas coexpositoras: xestión de feiras e inscrición e rexistro por parte das empresas, enquisas e visualización de calendario e fitos, xestión de lotes e convocatorias, etc.
- ✓ **PROXECTO 8. Rexistro e Sistema de Xestión de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia** e procedementos administrativos asociados. Mediante o Rexistro fíxanse os datos mínimos que deben ser recollidos, tanto a nivel estrutural como sobre o esforzo pesqueiro e establécense os acontecementos na vida do buque que deben ser rexistrados. Entre as súas finalidades tamén está a de dar cumprimento ás obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa recollida, validación e transmisión dos datos aos demais rexistros nacionais e comunitarios.
- ✓ **PROXECTO 9. Sistema de Licenzas de Pesca Deportiva (LPD).** O sistema da cobertura aos procedementos que xestionan as licenzas e permisos que habilitan para a práctica da pesca marítima de recreo, incluíndo as ferramentas de mobilidade e portal de cara ao cidadán.
- ✓ **PROXECTO 10. Rexistro de permisos de marisqueo a pe e procedementos administrativos asociados** Da cobertura á xestión dos procedementos administrativos vinculados coa xestión de permisos de marisqueo a pe así como do rexistro de permisos existentes en Galicia. Os traballos a desenvolver atenderán a integración da plantilla de cumplimentación da información de plans cos sistemas de información para facilitar a cumplimentación e a completa integración da información xestionada (bancos, especies, participantes, etc.), complementando o actual proxecto de plans de explotacións marisqueira.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

- ✓ Ademais, **con carácter transversal a todos os proxectos mencionados**, é obxectivo deste acordo **desenvolver as capacidades analíticas da información** (explotación analítica da información con ferramentas de *Business Intelligence BI*) xestionada de cara a facilitar a visión dos distintos rexistros e información do sector, e a súa evolución, dun xeito sinxelo e que permita apoiar a toma de decisións tanto a nivel de xestión como directivo para a Consellería do Mar.

Sen prexuízo do establecido nesta cláusula, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento, extensión e/ou concreción necesarios que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Cuarta.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola Amtega desenvolveranse os seguintes compromisos:

A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para elo, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. A Amtega actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar:

- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do acordo e contratos derivados do mesmo

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula sétima do presente acordo
- O expediente de contratación tramitarase consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Programa Operativo 2021 - 2027), para o que se contará coas indicacións a seguir e apoio necesario por parte das unidades da Consellería de Mar responsables do seguimento e coordinación dos proxectos con financiamento FEMPA.

Ao abeiro deste acordo, pola Consellería do Mar, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación derivados do presente acordo
- O abono ao contratista ou contratistas polos servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola AMTEGA.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas
- Participación no órgano de contratación, que estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación constituída por persoal da Amtega, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería do Mar e a Amtega, sempre que

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda.

No caso de actuacións que supuxeran un engadido temporal ou financeiro sobre o marco establecido no presente acordo, poderán subscribirse as addendas que ambas partes acorden.

A titularidade dos sistemas e calquera resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega, conforme ás súas competencias.

Quinta.- Medidas de Publicidade do FEMPA

A AMTEGA haberá de cumprir, naqueles proxectos con financiamento FEMPA, coas medidas de información, comunicación e publicidade establecidas no artigo 60 Regulamento 2021/1139, de 7 de xullo, e demais disposicións que se establezan ao efecto.

Sexta.- Vixencia e entrada en vigor

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 30 de decembro de 2028, sen prexuízo das posibles addendas ou prórrogas que durante a vixencia as partes puideran acordar.

Sétima.- Publicidade do acordo

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do acordo de colaboración o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Procederase a súa inscrición no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA

2.2.3 Mellora da comercialización no marco da calidade e o valor engadido dos produtos, envases e presentacións dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola demais normativa de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente a presente addenda

Pola Consellería do Mar

Pola AMTEGA

A conselleira: Marta Villaverde Acuña

O director: Damián Rey Rodríguez